



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA DESENVOLVER O PROXECTO “CARTA DE SANTIAGO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Paideia Galiza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e a Fundación Paideia Galiza para a elaboración da Carta de Santiago, un encontro internacional no marco do Xacobeo 21-22, que nace coa vocación de converterse nun gran espazo de reflexión para dar resposta aos desafíos globais que enfrenta a sociedade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Paideia Galiza consideran de interese público realizar accións conxuntas para desenvolver un proxecto único que conducirá á elaboración da Carta de Santiago.

A Carta de Santiago elaborárase tras a realización, coa participación activa de diferentes personalidades de relevancia internacional, das reflexións e das propostas de cambio sobre aspectos da nosa sociedade actual, nos planos cultural, económico, político, ambiental e climático etc., nunha sociedade pos-pandemia.





Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

